




# VI CERTAME DE POESÍA XOSÉ A. BARRAL

O I.E.S. As Bizocas convoca a sexta edición deste certame que aúna música e poesía. Os poemas gañadores serán musicados e interpretados pola Orquestra do I.E.S As Bizocas no festival de fin de curso e no recital “Música nas túas palabras”.

## BASES:

1. Destinado ao alumnado que estea cursando ESO ou Bacharelato no curso 2011/2012.
2. Establécense dúas categorías: ESO e Bacharelato.
3. Os poemas son de temática libre, sendo obrigatorio presentalos en lingua galega.
4. Os textos teñen que ser orixinais, inéditos e non ter sido premiados en ningún outro concurso.
5. Só se pode presentar un poema por persoa, cunha extensión mínima de 20 versos e máxima de 25.
6. Enviaranse 6 copias de cada poema baixo lema ou pseudónimo e a categoría na que participa. Achegarase unha nota en sobre pechado onde figuren o nome e os apelidos, enderezo, nº de teléfono e enderezo electrónico do/a participante.
7. As obras faranse chegar por correo ordinario ou entregaranse en sobre pechado sen remitente identificador á:  
Biblioteca do IES As Bizocas, rúa Balea s/n.  
CP. 36988 San Vicente, O Grove  
(Pontevedra).
8. A data límite de recepción de orixinais é o 23 de Abril de 2012.
9. O xurado outorgará dous premios de 125 € e diploma para o poema gañador de cada categoría.
10. O xurado, cuxo fallo será inapelable, poderá declarar os premios desertos, concedelos ex aequo, ou establecer mencións de honra se así o considerase.
11. A decisión do xurado comunicarase ao gañador/a e anunciarase a través dos medios de comunicación.
12. Os poemas gañadores serán musicados e estreados no festival “Música nas túas palabras”, acto no que se entregarán os premios.
13. Os traballos premiados quedarán en propiedade do IES As Bizocas para a súa publicación, e os restantes serán destruídos.
14. A participación nesta convocatoria implica a aceptación de todas e cada unha das normas contidas nas bases.



Dpto. Música  
Biblioteca  
Dpto. Galego



En colaboración con:

